

memoria sobre a situación económica e social de Galicia 1999
económica social

1

situación económica de Galicia

1.0

panorama xeral

O obxectivo deste apartado é comenta-lo marco económico global no que se atopa a economía galega, analizando en primeiro lugar o panorama económico internacional (OCDE, zona euro, Estados Unidos e Xapón), para descender posteriormente ó contexto español e á euronrexión.

A análise deste punto partirá da información facilitada polo Banco Central Europeo, a OCDE, o Eurostat, o Instituto Nacional de Estadística (INE), o INE de Portugal e o Banco de España. Respecto ás estatísticas utilizadas, hai que salientar que a partir do primeiro trimestre de 1999 o INE presenta a Contabilidade Nacional adaptada á metodoloxía do SEC-95.

Panorama económico internacional

O panorama económico internacional caracterizouse ó longo de 1999 polo importante crecemento experimentado pola economía norteamericana, pola recuperación nos países

emergentes asiáticos, polas incertezas que aínda suscita a situación económica do Xapón, polos síntomas de melloría que se observan en Iberoamérica e a confirmación dunha nova fase alcista na evolución económica da área do euro.

No concerne á **zona euro**, os datos relativos á súa situación económica reflicten a recuperación do crecemento, que comezou a manifestarse na segunda metade do ano 1999, por mor da recuperación do consumo e das exportacións. A taxa de crecemento do PIB para o conxunto do ano 1999, **cadro 1.0.1.**, situouse no 2,4% de media anual, fronte ós 2,9% do ano anterior.

A demanda interna é o principal responsable do crecemento na Europa dos 11 países que formaron parte do primeiro grupo da unión económica e monetaria (UEM). A súa taxa de crecemento foi do 2,9% en 1999. No que ó sector exterior se refire, en 1999 as importacións crearon un 8,5% respecto ó ano anterior, en tanto

CADRO 1.0.1.

Economía internacional 1998-99 e previsións 2000: variacións interanuais dos principais indicadores

		1998	1999	2000 (p) (1)
PIB				
	OCDE	2,2	2,8	4,0
	EE.UU.	4,3	4,1	4,9
	Xapón	-2,6	0,3	1,7
	UE-11	2,9	2,4	3,4
	UE-15	2,8	2,4	3,3
Demanda interna				
	OCDE	2,7		4,0
	EE.UU.	5,1	4,8	5,4
	Xapón	-3,5	1,5	1,4
	UE-11	3,5	2,9	
	UE-15	3,4		2,6
Importacións				
	OCDE	1,9	4,4	
	EE.UU.	5,0	12,5	
	Xapón	-17,3	10,8	
	UE-11	7,5	8,5	3,5
	UE-15	-4,8	0,4	4,7
Exportacións				
	OCDE	0,1	1,3	
	EE.UU.	-0,9	1,9	
	Xapón	-8,0	8,2	
	UE-11	5,4	4,0	
	UE-15	-5,6	-1,2	3,5
Deflactor PIB				
	OCDE	1,6	2,5	2,8
	EE.UU.	1,6	1,5	2,1
	Xapón	0,5	-0,9	-0,8
	UE-11	0,5	1,2	
	UE-15	0,2		
IPC (2)				
	OCDE	1,9	3,3	
	EE.UU.	1,6	2,1	
	Xapón	0,6	-0,3	
	UE-11	1,1	1,1	
	UE-15	1,3	1,2	1,8
Tipo de xuro a curto prazo (3)				
	OCDE	5,4		
	EE.UU.	5,4	5,4	6,8
	Xapón	0,6	0,2	0,3
	UE-11	3,7	3,0	
	UE-15			
Deficit (-) o superavit (+) público				
	OCDE	-1,0		
	EE.UU.	1,4		
	Xapón	-3,3	-8,2	
	UE-11	-2,1	-1,2	
	UE-15	-1,5	-0,6	-0,4
Desemprego				
	OCDE	6,9	6,8	6,3
	EE.UU.	4,5	4,2	4,0
	Xapón	4,1	4,7	4,8
	UE-11	10,9	10,0	
	UE-15	9,9	9,2	8,5

(1) para OCDE, EEUU e Xapón empréganse as previsións da OCDE; para a UE, as da Comisión Europea

(2) para a UE-11 e a UE-15 emprégase o Índice harmonizado de prezos de consumo

(3) interbancario a 3 meses

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Eurostat, Banco Central Europeo e OCDE

que as exportacións o fixeron a unha taxa do 4%.

A taxa de inflación en Europa, medida a través do deflactor do PIB, presenta na zona euro un nivel do 1,2%, moi superior ó existente no ano anterior (0,5%). En termos do IPC, en 1999 a inflación mantense constante no 1,1%, un valor inferior ó existente no conxunto dos países da OCDE.

O desemprego continúa a súa tendencia decrecente: o desemprego medio nos 11 países da zona euro sitúase no 10% en 1999, cando no ano anterior estaba no 10,9%. O desemprego na Europa dos quince é algo inferior (9,2%), mentres a taxa para o conxunto da OCDE é do 6,8%.

Respecto á evolución das finanzas públicas en 1999, os países da EU-11 continuaron coa súa política de control das finanzas públicas, experimentando un déficit do 1,2% do PIB, fronte ó 2,1% do ano anterior. A UE-15 presenta unha mellor situación, cun déficit do 0,6% do PIB.

A **economía estadounidense** continúa amosando síntomas de fortaleza e dinamismo, experimentando en 1999 un crecemento do seu PIB superior ó 4% e unha nova redución da súa taxa de desemprego, que se sitúa no 4,2%. Ó igual que no caso europeo, a demanda interna é o principal motor da economía, presentando o sector exterior un forte incremento das importacións (12,5% respecto a 1998). Este forte crecemento das importacións axuda a agrava-lo principal desequilibrio da economía americana: o déficit comercial.

A **economía de Xapón**, a pesares do crecemento positivo en 1999 (0,3%), non acaba de atopar unha saída ós seus problemas económicos iniciados en 1997 e presenta no último trimestre do ano un crecemento do produto interior bruto nulo. Estos resultados

veñen explicados, fundamentalmente, pola debilidade do consumo, público e privado, a ralentización do investimento público e a contribución negativa do sector exterior ó crecemento a pesares da evolución das exportacións. Asemade, o desemprego en Xapón segue a súa tendencia crecente e no ano 1999 a taxa de paro ascendeu ó 4,7%, fronte ó 4,1% do ano anterior.

Panorama económico de España

O Produto Interior Bruto xerado pola economía española ó longo de 1999, **cadro 1.0.2.**, rexistrou, en termos da Contabilidade Nacional Trimestral, un crecemento real do 3,7%. A pesares de ser 3 décimas inferior ó experimentado o ano anterior, a traxectoria interanual amosa que o ciclo económico acadou un mínimo no primeiro trimestre, iniciando unha fase expansiva dun novo ciclo.

Dende a óptica da demanda, o cadro macroeconómico reflicte o mantemento do impulso da demanda (4,9%, igual que no ano anterior) en tanto que se produce un lixeiro deterioro da aportación do sector exterior ó crecemento agregado (-1,2% en 1999, tres décimas máis negativa que no ano anterior).

O crecemento da demanda interna ven explicado fundamentalmente polo investimento, que medra un 8,3% respecto ó ano anterior, en tanto que o crecemento do gasto en consumo final foi do 3,8%. Non obstante, comparando estas cifras cos datos do ano anterior, hai un comportamento acelerado no caso do consumo (3,8% fronte ó 3,6% do ano anterior) en tanto que é desacelerado no caso da demanda de investimento (8,3% fronte ó 9,2% acadado en 1998).

Pola contra, a aportación negativa da demanda externa ó crecemento do PIB ven explicada pola aceleración rexistrada nas

CADRO 1.0.2.

Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 1998-99: base 1995 ⁽¹⁾

	1998	1999	1999 trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	3,6	3,8	4,1	4,1	3,8	3,3
Gasto en consumo final dos fogares	4,1	4,5	4,6	4,6	4,5	4,2
Gasto en consumo final das ISFLSH	4,2	1,7	2,9	2,0	1,3	0,7
Gasto en consumo final das AA.PP	2,0	1,8	2,7	2,6	1,7	0,3
Formación bruta de capital fixo	9,2	8,3	9,5	8,8	8,0	7,0
Bens de equipo	13,0	8,4	10,0	9,0	7,9	6,8
Construcción	7,0	8,3	9,3	8,6	8,1	7,1
Variación de existencias (2)	0,1	0,1	0,0	0,1	0,1	0,1
Demanda interna	4,9	4,9	5,3	5,2	4,9	4,3
Exportacións de bens e servizos	7,1	8,5	6,4	7,9	8,7	10,7
Exportacións de bens	5,1	6,7	3,8	5,7	7,2	10,3
Exportacións de servizos	12,0	12,5	12,9	13,1	12,4	11,6
Importacións de bens e servizos	11,1	12,6	12,6	13,5	12,7	11,8
Importacións de bens	10,5	12,6	12,5	13,6	12,7	11,7
Importacións de servizos	14,0	12,7	13,2	12,7	12,7	12,1
PIB a prezos de mercado	4,0	3,7	3,6	3,7	3,8	3,9
Ramas agraria e pesquera	1,8	-2,1	-2,1	-2,6	-2,2	-1,3
Ramas enerxéticas	2,2	-0,4	0,4	-0,1	-0,6	-1,3
Ramas industriais	5,3	2,3	1,5	1,4	2,5	3,8
Construcción	6,5	8,1	8,8	8,7	7,9	6,9
Ramas dos servizos	3,1	3,5	3,5	3,5	3,5	3,4
Servizos de mercado	3,6	4,2	4,0	4,1	4,3	4,4
Servizos de non mercado	1,4	1,1	1,7	1,7	0,8	0,0
Impostos netos sobre os produtos	6,9	10,2	10,2	10,9	10,1	9,7
IVE que grava os produtos	5,1	10,3	9,5	10,9	10,7	10,2
Impostos netos sobre prod. importados	14,1	6,1	10,0	7,6	5,3	1,9
Outros impostos netos sobre os produtos	10,2	10,3	11,6	11,2	9,3	9,1

(1) a partir do primeiro trimestre de 1999 o INE presenta a Contabilidade Nacional adaptada á metodoloxía do SEC-95

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE

importacións (12,6% fronte ó 11,1% de 1998), que contrarresta ó dinamismo das exportacións de bens e servizos ó longo de 1999 (8,5%).

Desde a óptica da **oferta**, os aspectos máis salientables que se amosan no **cadro 1.0.2.** son o elevado crecemento da construción, a aceleración do crecemento dos servizos orientados ó mercado e a contracción que experimenta o sector primario.

O **cadro 1.0.2.** reflicte que o VEB do sector primario experimentou un descenso do 2,1%, fronte ó crecemento do 1,8% rexistrado para o conxunto do ano 1998. Esta contracción do seu nivel de actividade, iniciada xa no último trimestre de ano 1998, produciuse ó longo de todo o ano 1999, cun máximo de 2,6 no segundo trimestre.

As ramas industriais aminoran o seu ritmo de crecemento, presentando un crecemento medio do 2,3% en 1999, fronte ó 5,3% do ano anterior. Ó longo de 1999, o cadro reflicte que hai unha aceleración do crecemento a partires do 3º trimestre, acadando no último trimesstre a maior taxa de crecemento, co 3,8%. Pola contra, as ramas enerxéticas presentan unha taxa negativa do 0,4% e a peor situación corresponde ó último trimestre (-1,3%).

A construción convírtese na rama máis dinámica da economía española en 1999, ó crecer a unha taxa de 8,1%. Ó longo de 1999 o sector experimenta unha certa desaceleración no seu crecemento, acadando no carto trimestre do ano un crecemento de 6,9%.

No concernente ó VEB das ramas do sec-

CADRO 1.0.3.

Indices de competitividade de España fronte á UE e á OCDE 1996-99

(base 1995=100)

	UE-15 (UE)			OCDE			UE-11 (UEM)		
	IPC	Indice de Prezos á Produción	Costes laborais unitarios de manufacturas	IPC	Indice de Prezos á Produción	Costes laborais unitarios de manufacturas	IPC (1)	Indice de Prezos á Produción	Costes laborais unitarios de manufacturas (2)
1996	102,5	100,6	102,3	102,4	101,0	99,4	100,0	100,4	101,4
1997	104,6	101,5	103,0	104,5	101,7	98,7	101,6	101,4	101,5
1998	106,4	101,2	104,9	106,3	101,6	100,7	102,7	100,6	102,5
1999	107,8	101,2	—	107,8	102,0	—	103,8	100,6	104,2

(1) IPC Harmonizado; base 1996=100

(2) dato correspondente ó 2º trimestre de 1999

Fonte: Banco de España e Banco Central Europeo

tor servicios, o seu crecemento situouse no 3,5%, como consecuencia do forte pulo do 4,2% nos servicios destinados á venda, que mantiveron o seu vigor ó longo de todo o ano. O aumento medio nos servicios non de mercado foi de 1,1%. Desde a perspectiva do seu perfil temporal, estiveron suxeitos a unha continua desaceleración.

Desde a óptica do **mercado de traballo**, o número medio de ocupados en 1999 foi de 13.817,4 miles de persoas, o que supuxo un crecemento do 4,6% respecto ó ano anterior (612.500 persoas). A poboación activa (16.422,9 miles de persoas) creceu un 1% respecto ó ano anterior, en tanto que o número total de parados descendeu un 17,5%, para situarse nos 2,6 millóns de persoas. A taxa de desemprego descendeu ata o 15,9% en 1999 (18,8% no ano anterior).

Respecto á competitividade da economía española, o **cadro 1.0.3.** reflicte o índice de competitividade de España fronte á UEM, a UE e á OCDE. Así, en termos do índice de prezos á produción, España mantén a competitividade fronte ós seus socios comunitarios (UE-15 e UE-11), perdéndoa no caso do conxunto dos países da OCDE. No que se refire ó IPC e custos laborais unitarios de manufacturas, España

perde competitividade respecto ás tres áreas consideradas.

Panorama económico da eurorrexión

Nos últimos anos estase a potencia-las relacións sociais económicas e culturais de Galicia e o Norte de Portugal, de aí a importancia de sinala-la situación dos indicadores económicos máis importantes desta eurorrexión.

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.0.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados e conta cunha poboación (referida ó 1 de xaneiro de 1998) de 6.285,7 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 123,6 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimestre de 1999 era de 2.701,8 miles de persoas, o que representa o 43% da poboación total da eurorrexión. Atendendo á distribución por sectores económicos, o máis importante é o sector servicios, que acolle ó 46,1% da poboación ocupada total, seguido dos sectores da industria e da construción, co 39,5%, e do sector primario, co 14,4%. Comparando a situación entre Galicia e o norte de Portugal, destaca o maior peso relativo do sector agrario e dos servicios na

CADRO 1.0.4.

Indicadores principais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión
Superficie	Km ²	--	29.575	21.278	50.853
Poboación de dereito	persoas	1/1/98	2.724.544	3.561.130	6.285.674
Poboación ocupada			952,7	1.749,1	2.701,8
Agricultura e pesca			169,5	220,0	389,5
Industria e construción	miles de persoas	4º trim. 1999	278,9	788,4	1067,3
Servicios			504,3	740,7	1245,0
Taxa de paro	%		16,1	4,1	
VEB a prezos de mercado	en millóns de ECUS	1994	21.657,6	21.470,6	43.128,2
VEB per cápita	en ECUS		8.353,8	6.114,3	7.234,1
IPC	variación interanual	99/98	2,6	2,3	
Indice de poder de compra	España=100 Portugal=100	1997	93,71	83,2	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e do Instituto Nacional de Estadística de Portugal

comunidade galega (17,8% e 52,9% fronte ó 12,6% e 42,3%, respectivamente), en tanto que no norte de Portugal os sectores da industria e a construción acollen ó 45,1% da súa poboación ocupada, fronte ó 29,3% en Galicia.

A taxa de desemprego é moi superior en Galicia respecto á existente na rexión norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 16,1%, no norte de Portugal era do 4,1% en 1999.

Finalmente, o **cadro 1.0.4.** reflicte que o valor engadido bruto (VEB) per cápita foi en 1994 de 7.234,1 ecus, sendo en Galicia de 8.353,8 ecus, superior á existente no norte de Portugal, onde o VEB per cápita foi de 6.114,3 ecus. ■